

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

20458 *REAL DECRETO LEI 16/1999, do 15 de outubro, polo que se adoptan medidas para combater a inflación e facilitar un maior grao de competencia nas telecomunicacións.* («BOE» 248, do 16-10-1999.)

O Goberno entende que resulta preciso facilitar, a través dunha adecuada política tarifaria, o progresivo abaratamento nos prezos das chamadas telefónicas e, ó mesmo tempo, a redución da inflación. Igualmente, deséxase incidir nun elemento clave para a adecuada competencia no mercado das telecomunicacións, como é o prezo previsto para o aluguer de circuitos.

Ademais, considérase conveniente continuar coa adopción de medidas tarifarias específicas que fagan cada vez máis asequibles os prezos de acceso a Internet, de forma que se promova o uso deste servizo polos cidadáns e se sitúe España entre os países de vangarda do noso contorno.

Así mesmo, e tendo en conta a importancia que acadou en España o sector da telefonía móbil automática, preténdese facilitar que o conxunto dos usuarios españois de telefonía fixa poida conectar con terminais de telefonía móbil, a prezo cada vez máis reducido.

Para o adecuado desenvolvemento do sector das telecomunicacións nun ámbito liberalizado, cóidase conveniente, igualmente, establecer un calendario para que a preasignación de operador se instaure en España, facendo compatibles as posibilidades técnicas e os intereses dos usuarios. É igualmente relevante permitir, no sector da telefonía móbil automática, que o conxunto dos seus usuarios poida conserva-lo seu número, en caso de cambio de operador. Por iso se prevé un prazo para que este dereito de conservación se concrete.

Do mesmo xeito, preténdese garanti-la continuidade na prestación do servizo portador de televisión, recoñecendo, explicitamente, que os servizos portadores dos de difusión, ós que se refire a disposición transitoria sétima da Lei xeral de telecomunicacións, se prestarán en réxime de libre concorrencia, unha vez finalizado o prazo de dez anos que no citado precepto se indica. Iso coordínase coa posibilidade de establecer obrigas de servizo público na prestación destes servizos.

Compénsase, igualmente, ó ente público Radio Televisión Española polos bens e dereitos que, procedentes do seu patrimonio, lle foron adscritos ou transferidos á entidade pública empresarial Red Técnica Española de Televisión, polo artigo 124 da Lei 37/1988, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989.

Con estas medidas, preténdese progresar no proceso da liberalización das telecomunicacións e facilitar un réxime de prezos máis idóneo para os usuarios, coadxuvando, tamén, á redución do déficit do ente público Radio Televisión Española.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Economía e Facenda e de Fomento, logo de deliberación

do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de outubro de 1999 e en uso da autorización concedida polo artigo 86 da Constitución,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Reducción dos prezos dos servizos de telecomunicacións prestados por Telefónica de España, Sociedad Anónima Unipersonal.*

1. Aplicaranse, antes do 1 de novembro de 1999, as seguintes modificacións no réxime aplicable ás tarifas metropolitanas do servizo telefónico fixo:

a) O horario da tarifa reducida amplíase. A partir da data citada, abranguerá desde as cero ata as oito horas, e desde as dezaioito ata as vinte e catro horas, todos os días laborables, así como desde as cero ata as vinte e catro horas os sábados, domingos e festivos de ámbito nacional.

b) O prezo nominal do minuto de servizo telefónico metropolitano en horario normal e punta será de catro pesetas, respectándose, en todo caso, o prezo e condicións da franquía inicial actual.

2. Aplicaranse, antes do 1 de novembro próximo, as seguintes baixadas nos prezos do servizo telefónico fixo:

a) O 4,36 por 100 no prezo do servizo provincial.
b) O 17,56 por 100 no prezo do servizo interprovincial.

Así mesmo, antes do 1 de decembro próximo, baixárase o 6,68 por 100 o prezo do servizo telefónico internacional.

Estas baixadas incorporan as previstas para os devanditos servizos no Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia, pendentes de aplicación.

3. Os prezos dos servizos de intelixencia de rede e os do servizo telefónico cursado desde teléfonos de uso público, situados no dominio público de uso común (cabinas), adaptaranse ós novos, resultantes das reducións indicadas. Así mesmo, poderá adaptarse ós ditos prezos o réxime de descontos actualmente vixente.

4. Aplicaranse, desde o 15 de decembro deste ano, reducións nos prezos do servizo de liñas susceptibles de arrendamento, como mínimo, nas seguintes porcentaxes:

a) O 14 por 100 nas liñas nacionais. En particular, o 8 por 100 nas cotas de abono mensual das liñas dixitais a 64 Kbits/segundo, o 20 por 100 nas das liñas dixitais a 2.048 Kbits/segundo, estruturadas e sen estruturar, e o 11 por 100 nas das liñas dixitais a 34 Mbits/segundo.

b) O 26 por 100 nas liñas dixitais internacionais. En particular, o 23 por 100 nos prezos das liñas a 64 Kbits/segundo e o 25,5 por 100 nos das liñas a 2.048 Kbits/segundo.

5. Reduciranse, a partir do 1 de xaneiro do ano 2000, os prezos actuais das chamadas de fixo a móbil no 11,8 por 100.

6. Facúltase o Ministerio de Fomento para que determine e publique o importe de cantidades resultantes da aplicación das reducións de prezos referidas anteriormente.

7. As modificacións que, a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, se realicen respecto dos prezos regulados neste artigo, poderán efectuarse regulamentariamente consonte a normativa específica que resulte de aplicación.

Artigo 2. Medidas de reequilibrio tarifario de Telefónica de España, Sociedad Anónima Unipersonal».

1. Establecerase, con vixencia desde 1 de agosto do ano 2000, un novo marco regulador de prezos máximos para os servicios telefónico fixo e de liñas susceptibles de arrendamento, prestados por Telefónica de España, Sociedad Anónima Unipersonal, baseado nun modelo de límites máximos de prezos anuais. Este límite máximo anual de prezos determinarase tomando como referencia as variacións anuais do IPC. O Ministerio de Fomento dictará, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do citado modelo de regulación de prezos.

2. Incrementarase a cota fixa de abono mensual de liña individual e de enlace que cobra a entidade na cantidade de 300 pesetas, de acordo co seguinte calendario:

- a) 100 pesetas, o 1 de agosto do ano 2000.
- b) 100 pesetas, o 1 de marzo do ano 2001.
- c) 100 pesetas, o 1 de agosto do ano 2001.

Artigo 3. Calendario para implanta-los mecanismos de preasignación de operador.

Telefónica de España, Sociedad Anónima Unipersonal, na súa condición de operador dominante, implantará na súa rede os mecanismos de preasignación de operador, segundo o disposto no artigo 19 do Real decreto 1651/1998, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento polo que se desenvolve o título 11 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no tocante á interconexión e ó acceso ás redes públicas e á numeración. A citada implantación respectará o seguinte calendario:

Data límite	Porcentaxe mínima de liñas dixitais con preasignación
1 de decembro de 1999	40 por 100
1 de xaneiro de 2000	54 por 100
1 de febreiro de 2000	100 por 100

Artigo 4. Conservación do número polos usuarios de telefonía móbil automática.

Tódolos operadores que presten servicio de telefonía móbil automática implementarán, antes do 1 de xullo do ano 2000, os procedementos que lles permitan ós seus abonados conservaren o seu número.

Artigo 5. Garantía da continuidade na prestación do servicio portador de televisión.

1. Os servicios portadores dos de difusión ós que se refire a disposición transitoria sétima da Lei xeral de telecomunicacións prestaranse en réxime de libre concorrencia, unha vez finalizado o prazo de dez anos que no dito precepto se indica.

2. Malia o disposto no número anterior, continuarán en vigor os regulamentos técnicos e de prestación do

servicio de difusión de televisión e do servicio portador soporte deste, ata que o Ministerio de Fomento, mediante orde, aprobe, antes do 31 de marzo do ano 2000, a normativa de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, e a técnica que regulen as infraestructuras de rede que se utilicen como soporte dos servicios de radiodifusión sonora e de televisión.

3. Deica a aprobación da normativa de desenvolvemento da Lei xeral de telecomunicacións e da técnica, ás que se fai referencia no número anterior, corresponderalle á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos a autorización e a modificación das tarifas máximas pola prestación dos servicios portadores.

4. Facúltase o Ministerio de Fomento para que, antes do 31 de marzo do ano 2000, dicte as disposicións necesarias para garanti-lo cumprimento polas entidades titulares das infraestructuras, que o permitan, das obrigas de servicio público na prestación dos servicios portadores citados no número 1 deste artigo. As condicións de prestación que se prevexan serán análogas ás existentes na actualidade e o seu cumprimento será obrigatorio para as referidas entidades.

Artigo 6. Compensación ó ente público Radio Televisión Española.

A entidade pública empresarial Red Técnica Española de Televisión á que se refire a disposición adicional sexta da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, transferirallo ó ente público Radio Televisión Española o importe de 80.000.000.000 de pesetas, en compensación polos bens e dereitos que, procedentes do patrimonio do ente público Radio Televisión Española, lle foron adscritos ou transferidos á entidade pública empresarial Red Técnica Española de Televisión, polo artigo 124 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, e que esta lle achegou a Retevisión, Sociedad Anónima, consonte o artigo 4.dous e tres do Real decreto lei 6/1996, do 7 de xuño, de liberalización das telecomunicacións. O resto do importe da tesourería da entidade pública empresarial Red Técnica Española de Televisión manterase no seu patrimonio e afectarase ás funcións que, consonte a lei, esta realice e das que leve a cabo para garanti-la prestación de servicios de telecomunicacións e para a análise, o estudio e o fomento da introducción na sociedade española, das redes e servicios avanzados de telecomunicacións.

Disposición adicional primeira. Desenvolvemento regulamentario.

Facúltase o ministro de Fomento para que, regulamentariamente, desenvolva o previsto neste real decreto lei, nos artigos 6 e 22 do Real decreto lei 14/1999, do 17 de setembro, e nos artigos 56 e 62 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.

Disposición adicional segunda. Medidas específicas respecto do servicio de Internet que afectan á tecnoloxía ADSL e ós plans de desconto para chamadas metropolitanas (cincuenta horas noite e cincuenta horas día).

1. Incorporárase unha nova modalidade de acceso indirecto ó bucle de abonado da rede pública telefónica fixa que proporciona un fluxo binario máximo de 256 Kbits/segundo en sentido operador a usuario e de 128 Kbits/segundo en sentido usuario operador, e que será prestado polos operadores dominantes consonte o establecido na orde do 26 de marzo de 1999, pola que se establecen as condicións para a provisión do acceso

indirecto ó bucle de abonado na rede pública telefónica fixa. A esta modalidade de acceso non lle será de aplicación o disposto no número 1.1 do anexo I da citada orde.

Os prezos que os operadores autorizados lle deberán aboar a Telefónica de España, Sociedad Anónima Unipersonal, pola provisión desta nova modalidade de acceso, serán os seguintes:

Cota de alta: 15.000 pesetas.

Cota mensual: 4.000 pesetas.

2. Modifícanse as cotas mensuais de abono establecidas nas condicións particulares dos plans «Cincuenta Horas Día» e «Cincuenta Horas Noite», correspondentes ó programa de descontos para as tarifas de acceso a Internet a través da rede telefónica fixa de Telefónica de España, Sociedad Anónima Unipersonal, quedando fixadas nas cantidades seguintes:

Abono mensual do plan «Cincuenta Horas Día»: 7.650 pesetas (45,9774 euros).

Abono mensual do plan «Cincuenta Horas Noite»: 3.000 pesetas (18,0304 euros).

3. Os tramos horarios de aplicación destes plans coincidirán cos horarios punta e normal e reducido, respectivamente, do servizo telefónico metropolitano.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de outubro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno, en funcións,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

20566 *LEI 33/1999, do 18 de outubro, sobre concesión de créditos extraordinarios por un importe total de 30.435.217.623 pesetas, para atender insuficiencias de crédito nos exercicios 1997 e 1998, polas subvencións que se efectúan para a cobertura das diferenzas de cambio das divisas obtidas en préstamos concedidos ás sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe. («BOE» 250, do 19-10-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe están constituídas como sociedades mercantís, anónimas e de nacionalidade española. No seu accionariado están presentes as administracións públicas (principalmente o Patrimonio do Estado a través da Empresa Nacional de Autopistas) e interveñen, ademais, caixas de aforros, bancos, outras entidades financeiras, empresas constructoras e accionistas a título individual.

Unha considerable parte do sector goza do beneficio do seguro de cambio que ten a súa orixe na Lei 8/1972, do 10 de maio, «de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión», reguladora do estatuto xurídico básico destas concesións administrativas.

O réxime económico e financeiro dos concesionarios establecido no capítulo IV da lei prevé diversos beneficios de carácter fiscal e financeiro; a letra c) do artigo 13 recolle o correspondente ó seguro de cambio, mediante o cal o Estado se compromete a facilitarlle ó concesionario «as divisas necesarias para facer fronte ós vencementos de principais e xuros dos préstamos e obrigas que concerte no exterior, ó mesmo tipo de cambio de compra vixente o día en que se constituía o depósito ou se efectúe a venda ó Instituto Español de Moeda Estranxeira das divisas a que se refire o préstamo». Isto orixina que o tipo de cambio quede asegurado para o concesionario ó tipo vixente no momento de disposición da operación, sendo por conta do Estado a diferenza negativa resultante entre este tipo e o vixente en cada vencemento de principal ou de xuros.

Os créditos dotados no orzamento do Estado dos exercicios 1997 e 1998, para a finalidade indicada, resultaron insuficientes para satisfacer as obrigas xeradas.

En consecuencia, para atende-las obrigas derivadas da cobertura das diferenzas de cambio das divisas obtidas en préstamos concedidos ás sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe, tramítanse créditos extraordinarios, de acordo co dictame do Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión dun crédito extraordinario.*

Concédese un crédito extraordinario por importe de 8.717.046.569 pesetas á sección 31 «Gastos de diversos ministerios», servizo 08, «Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira», programa 513F, «Cobertura do seguro de cambio de autoestradas», capítulo 4, «Transferencias correntes», artigo 47, «A empresas privadas», concepto 471, «Para subvencionar as diferenzas de cambio das divisas obtidas en préstamos concedidos ás sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe», [artigo 13.c) da Lei 8/1972, do 10 de marzo]. Crédito destinado a cancelar débedas contraídas co Banco de España no exercicio 1998.

Artigo 2. *Concesión dun crédito extraordinario.*

Concédese un crédito extraordinario por importe de 21.718.171.054 pesetas, á sección 31, «Gastos de diversos ministerios», servizo 08, «Dirección Xeral de Tesouro e Política Financeira», programa 513F, «Cobertura do seguro de cambio de autoestradas», capítulo 4, «Transferencias correntes», artigo 47, «A empresas privadas», concepto 472, «Para subvencionar as diferenzas de cambio das divisas obtidas en préstamos concedidos ás sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe [artigo 13.c) da Lei 8/1972, do 10 de marzo]. Crédito destinado a cancelar débedas contraídas co Banco de España no exercicio 1998.

Artigo 3. *Financiamento dos créditos extraordinarios.*

Os créditos extraordinarios a que se refiren os artigos anteriores financiaranse con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de outubro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ